

de setembro de 1989 e publicada no BOP nº 299 de data de 27 de decembro de 1989.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

Para o non previsto nesta Ordenanza nin nos acordos de establecemento e fixación dos prezos públicos ou na normativa específica que os regule, estarase ao disposto no Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e a Lei Xeral Presupostaria e normas que a desenvolvan.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

A presente ordenanza foi aprobada por acordo do Pleno en sesión de data de 29 de abril de 2010. Esta ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia e transcurra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

En Cotobade, a 3 de maio de 2010.—O Alcalde,
Manoel Loureiro Adán. **2010005149**

A N U N C I O

Mediante Resolución da alcaldía do 12 de xaneiro de 2010 déronse de alta os ficheiros desta Administración Pública dando así cumprimento ao disposto na Lei orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter personal e ao Regulamento de desenvolvemento aprobado mediante Real Decreto 1720/2007 do 21 de decembro (BOP, nº 23 do 4/2/2010)

Con data de 29/03/2010 remítese Resolución da Axencia Española de Protección de Datos na que se require a este Concello para que subsane unha serie de deficiencias á publicación realizada.

Mediante Resolución da alcaldía resolveuse aprobar a modificación dos seguintes ficheiros que conteñen datos persoais:

NOME DO FICHEIRO: SECRETARÍA

Finalidade do ficheiro: Xestión de procedementos administrativos, de expedientes de competencia dos plenos, decretos e de procesos electorais.

Usos previstos para o mesmo: Concesión e xestión de permisos e licenzas urbanísticas rústicas e urbanas, Xestión de procedementos administrativos, Xestión sancionadora, Xestión de censo poboacional, Publicacións, Fins históricos, estatísticos ou científicos.

As persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: Cidadáns ou residentes, Propietarios ou arrendatarios, Contribuíntes e Suxeitos obrigados, Administracións públicas, Rexistros públicos, Cargos públicos, Representantes legais, Solicitantes, Beneficiarios.

Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: O propio interesado ou o seu representante legal, rexistros públicos, Outras persoas físicas, Administracións públicas.

Estrutura básica do ficheiro e a descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos no mesmo: N. I. F., Nome e apelidos, Enderezo (postal/electrónica), Teléfono, Sinatura ou impresión dixitalizada, Circunstancias sociais, Características persoais, Académicos e profesionais, Transaccións de bens e servizos, Económicos, financeiros e de seguros, Información comercial, Datos relativos a infraccións administrativas.

TRATAMENTO: MIXTO

Cesións de datos de carácter persoal de órganos da Comunidade Autónoma, Deputación provincial, Rexistros públicos, Órganos xudiciais, outros Órganos da Administración do Estado, outros Órganos da Administración local, Deputacións provinciais, Forzas e corpos de seguridade, interesados lexítimos, Instituto Nacional de Estatística.

Transferencias de datos que se prevean a países terceiros: Non se contemplan transferencias internacionais de datos.

Os órganos das Administracións responsables do ficheiro: Concello de Cotobade

Servizos ou unidades ante os que puidesen exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Concello de Cotobade, co CIF: P3601200C, con domicilio social en Chan nº 11, Carballedo - 36.856, Cotobade (Pontevedra), Tlfno.: 986.76.00.01, Fax. 986.76.01.30, e-mail: administracion@concellodecotobade.org .

Medidas de seguridade: Nivel Medio.

NOME DO FICHEIRO: INTERVENCIÓN, XESTIÓN ECONÓMICA E CONTABLE

Finalidade do ficheiro: Xestión económica. Contabilidade. Cumprimento de obrigacións fiscais. Control orzamentario.

Usos previstos para o mesmo: Xestión económica e contable, xestión de facturación, xestión fiscal.

As persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: Cidadáns ou residentes, Contribuíntes e Suxeitos obrigados, Administracións públicas, rexistros públicos.

ladora das Facendas Locais , a proposta da Alcaldía ou da concellaría delegada que co- rresponda.

2. Os acordos de establecemento ou fixación dos prezos públicos conterán:
 - A determinación do servizo ou actividade a que se refiran.
 - Os supostos de feito dos que derive a obriga de pagamento.
 - As contrapartidas pecuniarias esixibles por cada acto ou feito singularizado, estruturadas na correspondente tarifa.
 - A esixencia ou non do depósito previo do importe total ou parcial do prezo público, como requisito para a prestación do servizo ou a realización da actividade.
 - A declaración expresa de que o prezo público cubre o custo do servizo, conforme á memoria económico-financeira unida á proposta, ou, no seu caso, a parte do custo cuberta con cargo ao orzamento municipal, con indicación da concreta partida.
 - A data desde a que comezará a esixirse o prezo público, de nova creación ou modificado.
 - Os demais aspectos específicos que se consideren necesarios.
3. Os acordos de establecemento ou modificación dos prezos públicos publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.
4. O expediente que se instrúa para a adopción dos acordos de establecemento e modificación de prezos públicos deberá conter, como mínimo:
 - 1º- Proposta de establecemento ou modificación do prezo público.
 - 2º- Memoria ou informe do xefe da Unidade correspondente.
 - 3º- Informe económico-financeiro do Interventor da Corporación, que deberá analizar os seguintes aspectos da Memoria:
 - a) Fundamentación do importe dos prezos que se propoña.
 - b) Grao de cobertura financeira dos respectivos custos económicos.
 - c) Previsións presupostarias oportunas para a cobertura da parte do prezo subvencionada cando se faga aplicación do previsto no artigo 5 desta ordenanza.

ARTIGO 4. CONTÍA

1. Os prezos públicos deberán cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada, debéndose ter en conta

para a determinación daquel os custos directos e indirectos orzamentarios, así coma os custos derivados das amortizacións extraordinarias.

2. Ao importe dos prezos públicos sumarase, se é o caso, o importe do imposto sobre o valor engadido, polo tipo vixente no momento do nacemento da obriga de pago deste.

ARTIGO 5. BONIFICACIÓNS E EXENCIÓNS

Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, o Concello poderá establecer prezos públicos por debaixo do custo do servizo ou actividade. Nestes casos, deberán consignarse no orzamento municipal as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houbera.

ARTIGO 6. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

1. Están obrigados ao pagamento dos prezos públicos os que soliciten os servizos ou actividades polos que deben satisfacerse aqueles.
2. Está igualmente obrigado ao pagamento do importe dos prezos públicos quen aínda non sendo solicitante, resulte beneficiados polos servizos ou actividades, sen prexuízo das consecuencias xurídicas que se deriven da falta da devandita solicitude.

ARTIGO 7. ADMINISTRACIÓN E COBRO

A administración e cobro dos prezos públicos realizarase pola propia Corporación, que poderá establecer normas concretas para a xestión dos mesmos nos acordos singularizados de fixación dos prezos públicos.

ARTIGO 8. OBRIGA E LUGAR DE PAGO

1. A obriga de pagamento nace desde que se inicie a prestación do servizo ou se realice a actividade.
2. O pago dos prezos públicos efectuarase, con carácter xeral, previamente a á recepción da actividade ou servizo, nas dependencias municipais o una oficina bancaria colaboradora , agás que o acordo concreto de establecemento dispoña outra cousa.
3. O pagamento realizarase en efectivo na caixa da Corporación que expedirá a oportuno documento acreditativo do ingreso ou en réxime de autoliquidación na oficina bancaria colaboradora.

DISPISICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada expresamente a anterior ordenanza xeral de prezos públicos do Concello de Coto- bade aprobada por acordo plenario de data de 26

AYUNTAMIENTOS

COTOBADE

A N U N C I O

O Pleno do Concello de Cotobade en sesión celebrada o 29/4/2010 acordou delegar as competencias de establecemento e modificación de prezos públicos na Xunta de Goberno Local.

O que se fai público en cumprimento do artigo 13.3 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En Cotobade, a 3 de maio de 2010.—O Alcalde,
Manoel Loureiro Adán. **2010005147**

A N U N C I O

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 29.04.2010, aprobou inicialmente o regulamento de utilización das instalacións deportivas do Concello de Cotobade.

En aplicación do disposto no artigo 49 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, expónse ó público mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De presentarse reclamacións terán que ser resoltas polo Pleno da Corporación que adoptará o acordo definitivo, e, de non presentarse reclamacións o presente acordo provisional quedará elevado a definitivo, debendo procederse á publicación do texto íntegro do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

En Cotobade, a 30 de abril de 2010.—O Alcalde,
Manoel Loureiro Adán. **2010005148**

A N U N C I O

O Pleno do concello de Cotobade en sesión ordinaria celebrada o 29 de abril de 2010 aprobou a ordenanza xeral de prezos públicos o que se fai público en cumprimento do artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases de Réxime Local:

ORDENANZA XERAL DE PREZOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE COTOBADE 2010

ARTIGO 1. OBXECTO

A presente ordenanza ten por obxecto regular con carácter xeral o establecemento, fixación, modificación, administración e cobro dos prezos públicos deste Concello pola prestación de servizos ou a realización de actividades que non estean regulados por unha ordenanza específica.

ARTIGO 2. CONCEPTO

1. De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de Cotobade poderá establecer prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal sempre que legalmente non teñan a condición de feito imponible dunha taxa.
2. Poderanse establecer e esixir prezos públicos pola prestación dun servizo ou a realización dunha actividade administrativa da competencia do Concello que se refira, afecte ou beneficie de modo particular ao obrigado ao pago, cando se cumpra calquera das circunstancias seguintes:
 - a) Que sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados. A estes efectos, considerarase voluntaria a solicitude ou recepción polos administrados cando non veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias, ou cando os bens, servizos ou actividades requiridos non sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.
 - b) Cando se presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público, conforme á normativa vixente.
3. Non poderán esixirse prezos públicos, en ningún caso, polos servizos e actividades enumerados no artigo 21 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 3. PROCEDEMENTO PARA O ESTABLECIMENTO E MODIFICACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS

1. Conforme co disposto no Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o establecemento e modificación de prezos públicos efectuarase por acordo do Pleno da Corporación por maioría simple ou Xunta de Goberno Local, de acordarse a delegación da competencia de conformidade co disposto no artigo 47.1 do Texto Refundido da Lei regu-